Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO
DO CONSELLO SOCIAL DO 21.07.2026

LUGAR: Salón de sesións do Concello de Maceda, Ourense
DATA: 21.07.2026

HORA DE COMEZO: 12:15 h.
HORA DE REMATE: 15:45 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Comesaña Álvarez, Ana María
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Mateo, Carmen
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
Lima González, Estela
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Muleiro García, Avelino
Pedrosa Silva, Ernesto
Rodríguez Rodríguez, Emma
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Caparrini Marín, Natalia
Crespo Tobío, Silvia
González Pérez, José Ignacio
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
López Fernández, Yolanda
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Fernández, Luis
Ortiz Álvarez, Ana María

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio

Consello Social
Universidade de Vigo

O martes, 21 de xullo de 2026, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de reunións anteriores (27.05.2026 e 30.06.2026).
2. Informe do presidente.
3. Informe da reitora.
4. Presentación das conclusións do estudo sobre a situación, necesidades e previsións para o aloxamento do estudantado universitario nos tres campus da Universidade de Vigo.

Propostas de aprobación, informes e acordos da Comisión Económica (10 de xuño de 2026)

5. Liquidación provisional do exercicio orzamentario da Universidade de Vigo de 2025.
6. Elección dun novo ámbito para a realización dun informe de auditoría operativa.
7. a) Outros asuntos: seguimento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos máis representativos da universidade. Capítulo I".
   b) Resolución da salvidade relativa ao inventario do inmobilizado material).

Propostas, acordos e informes da Comisión Executiva (22 de xuño de 2026)

8. Aprobación inicial da adxudicación das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.
9. Aprobación, se procede, da doazón de diverso material por parte da empresa KVRT STVFF, S. L. á Facultade de Deseño.
10. Ratificación de representantes do Consello Social, na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico e na xunta directiva do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
11. Aprobación de prezos especiais en dous títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).
12. Outros asuntos. Axudas económicas concedidas. Doazóns bibliográficas. Convenios maio.
13. Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Aprobación, se procede.
14. Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA). Aprobación, se procede.
15. Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI). Aprobación, se procede.
16. Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a estudos propios dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo e as microcredenciais.
17. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a organización das Xornadas de Filosofía que organiza o grupo Aletheia, en Vigo.
18. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a organización da convocatoria "Lideres dixitais universitarios", en Vigo.
19. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de xuño.
20. Rogos e preguntas.

No salón de sesións do Concello, a alcaldesa de Maceda, Uxía Oviedo, e o director do Museo do Médico Rural, José Manuel Lage, dan a benvida e agradecen a presenza dos membros do Consello Social, a celebración do Pleno na vila e a visita ao Museo. O presidente, Ernesto Pedrosa, subliña que é a primeira vez que o Pleno se reúne nun concello, fóra de recintos universitarios ou empresariais, cualifica de extraordinaria a experiencia e agradece a acollida e o interese e traballos efectuados expresamente para o desenvolvemento do acto.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, das actas de reunións anteriores (27.05.2026 e 30.06.2026).

- ***Apróbanse por asentimento.***

Juan José Santamaría anuncia a súa abstención "por non ter estado presente". Adianta, así mesmo, que se pronunciará máis adiante e en Rogos e preguntas sobre varios puntos, que estarán recollidos nun escrito que remitirá e que será incorporado como anexo a este acta.

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia Ernesto Pedrosa destacando o problema xeneralizado que representa o aloxamento para o estudantado universitario, que no caso de Galicia dispón só de apenas 1.500 prazas públicas para un censo de case 60 mil estudantes, a gran maioría concentradas en Santiago. Para afrontar esta relevante carencia, o Consello Social encargou un estudo robusto (que se presenta no punto 4 da orde do día) no que se fixo unha enquisa a máis de 700 estudantes dos campus da Universidade de Vigo. Como principais conclusión sinala que o 90% opina que dispor de apoio para aloxarse pode influír na elección de universidade; que apenas o 5% teñen cobertura de prazas en residencias; o 36% bota en falta a axuda da universidade; e o 56%, resignados, xa non a esperaban. Tralas reflexións, datos, comparativas e distintos escenarios posibles recollidos na súa exposición, o presidente expresa que unha oferta de vivenda accesible e de calidade é un dos grandes desafíos para a Universidade de Vigo, máis aínda ante un estudantado cada vez máis diverso.

Agradece o traballo dos profesores Andrés Mazaira e Isabel Diéguez para analizar a situación, identificar escenarios e dispor de estratexias e horizontes razoables e realizables.

"Agradecémoslles esta nova aportación ás inquedanzas do Consello Social, coa esperanza de que dentro duns anos se poida dicir que nun Pleno de 2026 empezou todo, cando a reitora Carmen García Mateo se estreaba como membro do Consello Social". De seguido dá a benvida tamén á secretaria xeral, Emma Rodríguez e á xerente, Ana Comesaña e lembra a anterior etapa da reitora como membro do Consello Social entre 2006 e 2010, sendo vicerreitora. "Os nosos valores seguen a ser os mesmos, coa universidade como obxectivo permanente". Remata sinalando que "cos teus acertos e resultados viaxan moitas das nosas aspiracións".

PUNTO 3

Informe da reitora.

Na súa primeira intervención ante o Pleno, Carmen García Mateo afirma que inicia o mandato con vocación de servizo público e de traballar arreo, con espírito de mellora, con previsión e planificación anual, sen improvisacións e con transparencia.

Agradece e valora o labor do Consello Social nestes anos, e a transición colaborativa do equipo de goberno anterior. Apunta que a prioridade foi arrancar o curso académico co alumnado matriculado e o profesorado contratado, e anuncia que o equipo está a tomar as rendas do orzamento e preparando xa o vindeiro ano, con reunións para o plan de financiamento. Amósase partidaria de que o traballo se faga nos servizos e non nas vicerreitorías. Avanza que pedirá máis financiamento estrutural, a vontade de aumentar a presenza da Universidade de Vigo na sociedade como axente dinamizador e xerador de coñecemento e cultura, e ter presenza en todo os foros posibles.

PUNTO 4

Presentación das conclusións do estudo sobre a situación, necesidades e previsións para o aloxamento do estudantado universitario nos tres campus da Universidade de Vigo.

Andrés Mazaira e Isabel Diéguez, profesores do Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia da Universidade de Vigo, presentan «O aloxamento universitario na Universidade de Vigo. Contexto, diagnóstico e retos», encargado polo propio Consello Social. Valoran que este aborde esta cuestión a partir dun feito novidoso na metodoloxía aplicada xeralmente a estes traballos, como é preguntarlle ao propio alumnado. O profesor Mazaira pon o acento no papel determinante que terá o mercado do aluguer como solución principal, fronte ás residencias. A profesora Diéguez salienta a necesidade de que a universidade asuma un papel máis activo no apoio ao aloxamento do estudantado.

O traballo realizado estrutúrase en catro grandes bloques. O primeiro establece o marco conceptual e analiza o papel do aloxamento no sistema de acceso e vivencia universitaria, así como os diferentes modelos desenvolvidos noutros sistemas universitarios a nivel nacional e internacional. O segundo realiza un diagnóstico da situación da Universidade de Vigo dende a perspectiva da oferta, atendendo ás residencias, ao mercado de alugueiro nas cidades dos campus e aos instrumentos económicos, informativos e de acompañamento dispoñibles. O terceiro incorpora a perspectiva do estudantado e, finalmente, o cuarto, identifica posibles liñas de actuación para a súa valoración pola Universidade.

Os resultados completos, as conclusións e as posibles liñas de actuación derivadas do estudo faranse públicos proximamente.

Emilio F. Zunzunegui felicita aos autores do traballo e expresa o desexo de que ogallá esta vella problemática se resolva desta vez. Teresa Cendón expón distintos puntos de vista e posibles opcións para resolver a situación, e a reitora expresa parabéns polo traballo e advirte que hai que camiñar para ir mellorando neste asunto. Reflexiona sobre a prioridade duna residencia en Pontevedra, a posible implantación de bolsas de alugueiro ou un servizo de asesoría e apoio ao estudantado dentro de Universidade de Vigo.

- *O pleno dáse por informado.*

PUNTO 5

Liquidación provisional do exercicio orzamentario da Universidade de Vigo de 2025.

Intervén Juan Manuel Vieites, quen -previa referencia aos documentos e informes que se achegan dende a Xerencia, e á carta na que o Consello Social manifesta a desconformidade co Servizo de Contratación polo longo proceso de licitación da auditoría de contas do exercicio de 2025- sinala que a análise da liquidación presenta un resultado axustado negativo de 490.381,15 €, "cifra que -non sendo boa- non parece alarmante" tralos resultados de exercicios anteriores, cun remanente positivo que non fai necesaria ningunha medida correctora do Consello Social.

Pola súa importancia, profunda e reflexiona sobre os seguintes apartados:

- O remanente de tesouraría dispoñible, polo elevado descenso que rexistra, e que de seguir a mesma tendencia en 2026 quedaría consumido na súa totalidade, cuestión xa advertida polo Consello Social nos anteriores exercicios. O presidente da Comisión Económica expresa a preocupación e o posible desequilibrio orzamentario que se podería atopar o novo goberno.
- Os gastos de persoal incrementáronse nunha porcentaxe superior á da masa salarial aprobada pola Xunta, o que xera maior preocupación polo desfase neste apartado, xa apuntado pola Comisión en varias ocasión. Juan Manuel Vieites dá conta das explicacións solicitadas á Xerencia sobre esta cuestión, e das respostas recibidas que xustificarían o incumprimento, resumidas en que "se nos axustásemos [ao límite de masa salarial aprobado pola Xunta] non cubriríamos as necesidades de servizo".

Engade o presidente que a execución dos ingresos queda por debaixo do 80%, e que a "mala previsión" na elaboración dos orzamentos pode prexudicar á institución, porque podería implicar unha diminución na obtención de fondos do Plan de financiamento do SUG.

Remata pedindo máxima prudencia na contratación, e rigor extremo en todas as decisión que teñan consecuencias económicas, e que se lle dea traslado á nova Xerencia.

(Juan José Santamaría anuncia que achegará a súa opinión neste punto por escrito, xunto con outros asuntos, que se recollerá como anexo).

- *O pleno dá a súa conformidade.*

PUNTO 6

Elección dun novo ámbito para a realización dun informe de auditoría operativa.

Remítese Juan Manuel Vieites á nova competencia que lle recoñece a LOSU aos Consellos Sociais, para aprobar o Plan plurianual de financiación da universidade, a proposta do Consello de Goberno, e facer o seguimento. Entende que, "aínda que a normativa autonómica non estea desenvolvida, parece oportuno que poidamos coñecer as iniciativas que poidan estar adoptando as outras universidades". Proponse, polo tanto, encargar unha auditoría operativa para unha *"Propuesta propia para plantear la Programación plurianual de la financiación de la universidad, de acuerdo a la LOSU y análisis de las iniciativas de las otras universidades del SUG".*

- *O pleno dá a súa conformidade.*

PUNTO 7

a) Outros asuntos: seguimento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos máis representativos da universidade. Capítulo I".

b) Resolución da salvidade relativa ao inventario do inmobilizado material.

7a) O presidente da comisión lembra a observación recollida nesta auditoría, advertindo á Universidade de Vigo da necesidade de mellorar os controis "tanto no proceso de contratación de persoal investigador como no cumprimento da lexislación vixente en materia de control horario e avaliación de desempeño". Dá conta da atención coa que a comisión ven seguindo as políticas de contratación e o control de recursos humanos, e transmite ao novo equipo de goberno e á nova Xerencia o interese neste asunto que -segundo explicou a anterior responsable da Xerencia só se poderá desenvolver "nun clima social sosegado", e considerando propicio o inicio da nova etapa con seis anos por diante do novo goberno, no que ademais se poderán detectar campos de mellora e *"deseñar unha plantilla e unha RPT acaída ao servizo público que presta"*. Vieites ofrece neste senso o apoio, o traballo e o compromiso da comisión que preside.

- ***O pleno dáse por informado.***

7b) Visto o informe remitido pola anterior xerente sobre este tema, e mesmo por tratarse dun asunto sobre o que a comisión ven mantendo unha constante preocupación ao longo do tempo, Juan Manuel Vieites afirma que "debemos felicitarnos por entrar en vías de solución". Concreta que a regularización do inventario está acabada, cun resultado de -17 millóns, e que cando se peche o balance de situación verase a realidade patrimonial plenamente actualizada que, finalmente, levantará a salvidade das auditorías. Agradece o "enorme" traballo feito, confiando en que o auditor dea por bo o axuste, aclarando que se trata dun axuste contable que non afecta a nivel orzamentario.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 8

Aprobación inicial da adxudicación das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.

Como síntese da documentación que se achega, explica o presidente os pormenores, os antecedentes e os prazos de adxudicación definitiva, nunha segunda fase prevista para outubro.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da doazón de diverso material por parte da empresa KVRT STVFF, S. L. á Facultade de Deseño.

Vista a documentación sobre o material relacionado e o seu destino para actividades formativas, máis a valoración económica, a declaración de interese da facultade, a resolución da Xerencia e o informe favorable da comisión.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Ratificación de representantes do Consello Social, na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico e na xunta directiva do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).

Comunica o presidente a renovación de Jesús Graña como representante do Consello Social na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo, na que se produciron recentes cambios, e dá conta, así mesmo, da elección do novo presidente da CEO, David Martínez Alonso, como representante do Consello Social na xunta directiva do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación, en substitución da anterior presidenta, María Sol Nóvoa.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 11

Aprobación de prezos especiais en dous títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).

A Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente traslada as peticións do Centro de Posgrao e Formación Permanente para autorizar o prezo reducido de 30 € para as matrículas do Curso de Plans de Igualdade; e un prezo reducido de 907,20 € para as catro mellores notas de acceso ao Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional, sendo a tarifa normal de 1.512 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Outros asuntos. Axudas económicas concedidas. Doazóns bibliográficas. Convenios maio.

Os membros reciben un resumo de todos os puntos tratados e aceptados pola comisión, no que se recollen os aspectos e os contados máis destacados das propostas e asuntos tratados.

- ***O pleno dáse por informado.***

PUNTO 13

Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Aprobación, se procede.

O informe que eleva a comisión indica que a fundación presenta un resultado positivo gracias ao aumento de facturación, que permite soportar o incremento de gastos. Cualifica a situación como boa, con reservas suficientes para facer fronte a situacións futuras. Como dato negativo menciona a subida do saldo de debedores, solicitando que se faga un seguimento de cobros para evitar falta de pagamentos.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 14

Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA). Aprobación, se procede.

O informe da comisión expón que o resultado negativo do exercicio é inferior á amortización do inmobilizado, o que indica que sen ter en conta a amortización dos edificios o resultado da empresa sería positivo. Non hai necesidades de tesouraría e a actividade ordinaria cubre os gastos. Recoméndase facer seguimento do saldo de acredores a corto prazo e intentar planificar inversión para conter ou reducir os gastos en subministracións, os de maior impacto.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 15

Análise e avaliación das contas anuais de 2025 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI). Aprobación, se procede.

O informe da comisión conclúe un resultado mellor que o precedente, rozando o equilibrio, no que mellora a facturación e se conteñen os gastos. O resultado negativo proven da dotación da amortización dos activos fixos que ao ser imputados ao exercicio provocan a perda contable. Non precisa liquidez a corto prazo. Detecta tamén o esforzo no cobro das débedas, xa que diminúe a cifra respecto a 2024. Tamén diminúe o pasivo corrente. Sen problemas de tesouraría nin financiación a corto prazo.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

Juan Manuel Vieites pecha a súa intervención expresando a satisfacción pola volta da figura do vicerreitor económico e a súa presenza no Consello Social, porque reforza e garante a operatividade e a interlocución entre as dúas partes. "Ese modelo sempre deu bos resultados, e -de confirmarse- dámoslle a benvida por adiantado".

PUNTO 16

Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a estudos propios dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo e as microcredenciais.

O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente remite unha ampla proposta que desenvolve os prezos por matrícula e servizos administrativos vinculados nos seguintes apartados:

Un) os títulos propios de especialización académica; as diferentes tarifas co prezo máximo do crédito para o estudantado, causas de redución e criterios excepcionais; prezos de expedición do título e certificación académica; e recoñecemento de créditos. **Dous)** programa de formación permanente do profesorado. **Tres)** Programa universitario de maiores. **Catro)** Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 17

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a organización das Xornadas de Filosofía que organiza o grupo Aletheia, en Vigo.

O grupo Aletheia naceu en Vigo en 1984. Entre as principais actividades que desenvolve están as "Xornadas de Filosofía" abertas á sociedade, que organiza co obxectivo de fomentar un espazo de pensamento compartido e de diálogo. Este ano chegan ás trinta edicións. O grupo solicitante da colaboración do Consello Social está presidido por Avelino Muleiro. O presidente, dado o interese do programa e a apertura de pensamento crítico á contorna social que promove, propón unha aportación de 1.600 € para a organización.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 18

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a organización da convocatoria "Lideres dixitais universitarios", en Vigo.

A Universidade de Vigo é a única universidade galega que está presente na RED de Cátedras de Telefónica que agrupa a 24 universidades españolas, polo que o seu estudantado poderá participar nesta convocatoria de líderes dixitais, consolidada como instrumento de formación, investigación e transferencia de coñecemento, que ten como obxectivo impulsar as novas tecnoloxías na sociedade, dende ópticas multidisciplinares. O presidente propón unha aportación de 1.000 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 19

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de xuño.

Aclara Juan Manuel Vieites que todo convenio económico que pasa pola comisión chega acompañado polo informe económico e xurídico correspondente.

- ***O pleno dáse por informado.***

PUNTO 20

Rogos e preguntas.

David Martínez resalta as potencialidades do Campus de Ourense e transmítelle á reitora as expectativas e a disposición a traballar pola integración da Universidade de Vigo e do tecido empresarial da provincia, con especial compromiso no apoio ao emprendemento.

Juan José Santamaría anuncia que remitirá as súas intervencións, reflexións e preguntas nun escrito que se incorpora como anexo a esta acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:45 horas do 21 de xullo de 2026, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)

Firmado por ERNESTO PEDROSA SILVA el día 24/11/2026 con un certificado emitido por ACA 1

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2026.11.24 20:18:40 +01'00'